



No IES Agra do Orzán prodúcese a situación citada do artigo 12 da ORDE de 12/03/2013 (DOG nº 53 do 15/03/2013), modificada pola ORDE do 25/01/2017 (DOG nº 22.do 01/02/2017) **o número de prazas para 1º de ESO no IES Agra do Orzán, para o curso 2022-2023, é menor que o número de reservas feitas desde os centros adscritos.** Polo que de acordo co artigo 12 e seguintes, da citada Orde do 12/03/2013 e artigo 9 do decreto 13/2022, do 3 de febreiro, o alumnado dos centros adscritos ten as seguintes opcións:

- **Presentar no IES Agra do Orzán, a RENUNCIA por escrito á reserva solicitada (antes do 1/3/2022), e presentar a solicitude de admisión (ED550B) noutro centro con prazas suficientes (do 1 ao 21 de marzo)**
- **Presentar solicitude de admisión no IES AGRA DO ORZÁN – (Anexo II - ED550B),** (no caso de que non haxa renuncias ou que de habelas, as prazas sigan sendo insuficientes) na forma e dentro do prazo establecidos nesta Orde (**1 ao 21 de marzo**), e no prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de admisión, presentar a **documentación xustificativa dos criterios de puntuación** (artigo 9 decreto 13/2022). Ante a posibilidade de que ao final do proceso de admisión, o alumno/a non obteña praza neste centro, pode incluír na mesma solicitude ata 5 centros máis, por orde de preferencia. A presentación da documentación xustificativa da puntuación non é obrigatoria, pero de non presentala en prazo, non obterá puntuación no criterio marcado na solicitude. **A solicitude de admisión** (Anexo II - ED550B), pode obterse durante o prazo de admisión (1 - 21 de marzo) no centro, ou na aplicación web seguinte: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> ou presentala dixitalmente na SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA, con CHAVE365 ou certificado dixital (neste caso debe escanear toda a documentación e cargala na aplicación web da SEDE DA XUNTA). Cada alumna ou alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

Criterios de admisión do alumnado e puntuación (Artigo 9 do **DECRETO 13/2022**, do 3 de febreiro, DOG núm. 29 do venres 11 de febreiro de 2022).

Segundo a Disposición Derrogatoria do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, apartado 2: Mantén a súa vixencia, no que non resulte incompatible co presente decreto, a Orde do 12 de marzo de 2013, reguladora do procedemento de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato (DOG núm. 53, do 15 de marzo), **mentres non entre en vigor a orde de desenvolvemento do presente decreto que a substitúa.**

Calendario do proceso de admisión:

Prazo de renuncia á praza de reserva (O alumnado que teña presentada a reserva de praza (do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro) no centro de primaria, no caso de que desexe presentar solicitude de admisión noutro centro deberá comunicar por escrito ao IES Agra do Orzán a súa renuncia)	Antes do 1 marzo
Sorteo letras desempate (10:00h salaB Cons. Cult., Educac, e Universid., S. Caetano, Santiago)	23 de febreiro
Solicitude de admisión no IES Agra do Orzán ou na SEDE ELECTRÓNICA	1-21 de marzo 2022
Os días non lectivos só se poden presentar solicitudes na SEDE ELECTRÓNICA da XUNTA (con CHAVE365 e certificado dixital) (https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/)	
Prazo para presentar a documentación para o cálculo da puntuación (só para solicitudes entregadas do 1 ao 21 de marzo). As entregadas despois de rematado o prazo de admisión, considéranse fora de prazo e comunícanse á Inspección.)	10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes de admisión
Listaxe provisional admitidos (consulta da puntuación desagregada só no centro, Art. 30.2)	Antes de 25 abril
Prazo reclamación listaxe provisional ante o consello escolar	5 días hábiles
Listaxe definitiva admitidos (consulta puntuación desagregada, só no centro. A estimación ou desestimación fronte as listaxes provisionais, entenderase realizada a través das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas. Art. 31.1)	Antes do 15 maio
Reclamación listaxe definitiva - RECURSO DE ALZADA ante Xefatura Territ. 1 mes desde listaxe definitiva.	

A Coruña, 22 de febreiro de 2022

O director

Diego Taboada Lesta



Instituto Educación Secundaria
"AGRA DO ORZÁN" A CORUÑA

SAIDA

Nº 225/18 Data 22/02/2022